

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005211	IES Salvador de Madariaga	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a cal ten atribuída no artigo 31 do seu Estatuto de autonomía, competencia plena sobre a regulación e administración do ensino. Nese contexto o decreto citado ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria na nosa Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e no Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

O IES Salvador de Madariaga está situado na semiperiferia urbana da cidade da Coruña, nunha área ocupada por diversos centros educativos: Conservatorios de Música, Superior e Profesional, Escola Oficial de Idiomas; Universidade de Educación a Distancia, IES Rafael Dieste e CEIP Escola de Prácticas. Ten adscritos dous centros públicos de primaria: CEIP Escola de prácticas e CEIP Emilia Pardo Bazán, dos que recibe a maioría do alumnado que conforma a súa poboación escolar. Está situado moi perto das instalacións da Asociación Comunitaria do Distrito V. A poboación escolar do IES Salvador de Madariaga procede, na súa grande maioría, do contorno próximo do centro: rúas adxacentes e Barrio dos Rosais.

No centro impártense todos os niveis de Educación Secundaria Obrigatoria e catro modalidades de Bacharelato - o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, o Bacharelato de Humanidades e Ciencias sociais, o bacharelato de Artes e o bacharelato xeral.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos impátese por primeira vez con carácter obrigatorio, se ben gran parte do alumnado ten un coñecemento previo por cursar Valores éticos en 2º da ESO. Non obstante atenderemos o feito de que o alumnado que estivo matriculado en Relixión pode enfrentarse a contidos novedosos, o que non poderá ser obviado polo docente.

A materia debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal das temáticas e problemas en aras a proporcionar unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante, respectuosa coa diferenza e democrática.

A formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, actitudes e valores que permitan ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar dilemas e cuestións éticas e adoptar unha actitude coherente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; e todo isto co obxecto de poder construír e valorar as normas e valores que rixen a convivencia nunha sociedade libre, plural e xusta entre persoas que, en tanto que humanas, están dotadas de dignidade como valor absoluto.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos profundiza e desenvolve catro ámbitos competenciais fundamentais. O primeiro, referido ao autoconhecimento e desenvolvemento da autonomía moral; o segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexén; o terceiro alude á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna dende o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el; e o cuarto e último, de carácter máis transversal, céntrase na educación emocional, no desenvolvemento da sensibilidade e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e problemas éticos, cívicos e ecosociais.

A distribución curricular organizarase en tres bloques de contidos:

- Bloque 1. Autoconhecimento e autonomía moral.
- Bloque 2. Sociedade, Xustiza e Democracia.
- Bloque 3. Sustentabilidade e ética ambiental.

O desenvolvemento destes bloques realizarase mediante unidades didácticas.

Esta materia supón unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que motiven a que o alumnado participe criticamente en traballos cooperativos, realización de tarefas variadas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, etc. Estas metodoloxías confiren ao alumnado o papel de axente activo na súa formación. Como a materia conta só cunha hora á semana, é imprescindible seleccionar adecuadamente a metodoloxía e os contidos a desenvolver coa finalidade de lograr unha aprendizaxe significativa. A nivel metodolóxico serán tidos en conta as características do alumnado, idade, número de repetidores, etc.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	.Quen son eu? E quen es ti? A educación emocional	As persoas non estamos programadas instintivamente. Non somos seres predeterminados, senón dotados de λapertura ao mundoλ e da capacidade de actuar autonomamente. A liberdade é a base da moralidade. Precisamos de normas que regulen a nosa convivencia en sociedade. Pero, se queremos explicar en que se	20	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	.Quen son eu? E quen es ti? A educación emocional	basean as nosas preferencias morais, requerimos pensar nas razóns que as xustifican. Esta reflexión sobre a vida moral denomínase Ética. Existen diferentes teorías para explicar como debemos actuar, sendo a clasificación principal a que distingue entre Éticas Materiais e Éticas Formais. Por outra banda, as cuestións éticas están directamente relacionadas coa nosa vida cotiá, de aí que as Éticas Aplicadas traten de concretar os principios da moral coa vida ordinaria e con campos concretos como, por exemplo, a investigación científica e técnica.	20	4	X		
2	Aprendendo a decidir autonomamente. Ética e moral.	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	20	6	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática	20	8		X	
4	A dignidade e os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	20	8		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	10	5			X
6	O noso compromiso coa xustiza social e co planeta.	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	10	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	.Quen son eu? E quen es ti? A educación emocional	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e as demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Aprendendo a decidir autonomamente. Ética e moral.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A ética e as éticas como guías das nosas accións.</li> <li>- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.</li> <li>- Universalismo e pluralismo moral.</li> <li>- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.</li> <li>- Ética e dereito.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>- O conflito lexitimidade-legalidade.</li> <li>- A obxección de conciencia.</li> <li>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.</li> <li>- O debate sobre a liberdade de expresión.</li> <li>- A ética na sociedade actual.</li> <li>- O problema da desinformación.</li> <li>- A protección de datos e o dereito á intimidade.</li> <li>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.</li> <li>- As condutas adictivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredor das cuestións ética de actualidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de goberno.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.</li> <li>- Valores constitucionais.</li> <li>- A memoria democrática.</li> <li>- A igualdade de xénero.</li> <li>- As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>- Os desafíos da democracia actual.</li> <li>- Os códigos deontolóxicos.</li> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A dignidade e os dereitos humanos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.	TI	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Desigualdade nun mundo global	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións dos compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O noso compromiso coa xustiza social e co planeta.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realiza un traballo escrito sobre as diferentes formulacións científicas políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Plantexar e realizar alo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No relativo ao aspecto metodolóxico, a presente PD remite en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo e que se levarán a cabo ao longo do curso académico.

As distintas UD permitirán, no seu conxunto, traballar os contidos do currículo, así como os elementos transversais e os obxectivos, e irán encamiñadas á consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos ou, ao menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para adquirir progresivamente as competencias clave.

Ao inicio de cada UD, cuxos obxectivos serán explicitamente presentados, traballarase sobre os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. Cada UD empezará cunha introdución que avive os coñecementos previos, e terminará cunha síntese final que enlazará coa UD seguinte. O traballo irá encamiñado ao logro dunha aprendizaxe autónoma.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas, axustadas ao pouco tempo do que dispoñemos: unha hora á semana.

O punto de partida do proceso de ensino aprendizaxe na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos baséase nos seguintes principios metodolóxicos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través dos seus coñecementos previos e da exposición de contidos por parte do docente.
- Seleccionar os contidos básicos e destacar as ideas fundamentais de xeito comprensivo, claro e concreto, relacionando os diferentes conceptos na estrutura da PD. Para elo empregaranse recursos variados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo con perspectiva de xénero.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe dotadas de sentido para o alumnado co fin de que lles resulten motivadoras, relacionando o que van a aprender coa vida cotiá.
- Propoñer actividades diversas e debidamente contextualizadas, encamiñadas á busca de información, á reflexión, desenvolvemento e consolidación dos contidos tratados.
- Fomentar tres tipos de metodoloxías: 1) o traballo reflexivo individual na realización de tarefas; 2) o traballo en grupos cooperativos de tres ou catro persoas; 3) facer unha posta en común en gran grupo a partir do traballo individual e/ou grupal. Isto coa finalidade de gañar en autonomía e respectar e valorar axeitadamente a alteridade.
- Fomentar a participación e a actitude cooperativa na aula, evitando a motivación baseada na competitividade. A

participación será activa e razoada e o diálogo respectuoso, dende un paradigma asentado na libre expresión de ideas.

- Será necesario adaptar os métodos e recursos ás necesidades e ritmos de aprendizaxe de cada alumna/o (atención á diversidade), planificando diversas medidas educativas que atendan as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración, de xénero, de saúde do alumnado, entre outras.

En todo caso, esta materia debe promover unha metodoloxía baseada:

- No traballo reflexivo, fomentando un pensamento crítico e autónomo, o respecto polas normas e valores comúns e a resolución pacífica dos conflitos.

- Na aprendizaxe cooperativa que reforce a autoestima nas relacións persoais, a autonomía na toma de decisións, a expresión de pensamentos e sentimentos, así como a escoita activa.

- A metodoloxía non debe valorar só o progreso académico, senón tamén o progreso persoal: crecemento persoal do suxeito e grao de madurez. Non podemos obviar que o equilibrio afectivo e a aprendizaxe se implican e se fortalecen mutuamente.

- A base da metodoloxía descansa na resolución de conflitos como crecemento persoal, fomentando o diálogo e a negociación fronte á imposición.

- Motivarase ao alumnado a participar na elaboración de murais, traballos monográficos, lecturas...para conmemorar determinadas datas como o día contra a violencia de xénero(25 de novembro), o día da paz(30 de xaneiro), día da muller(8 de marzo) entre outras. Estas datas deben servir para achegarse ás problemáticas coas que se vinculan.

En definitiva, favorecerase o desenvolvemento dunha metodoloxía activa para acadar aprendizaxes contextualizadas, funcionais e significativas, potenciando a asunción de responsabilidades, o uso da reflexión, a atención, a capacidade crítica, o respecto á diferenza e a construción de valores e actitudes democráticas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Educación en Valores Cívicos e Éticos
UD e lecturas de textos presentados polo docente
Caderno persoal
Aula virtual da materia
Bibliografía e libros de consulta e lectura
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado, mesas, cadeiras, ordenador con internet...)

O manual recomendado servirá de guía na aula, é o da editorial Vicens Vives e contén diversidade de recursos cos que exercitar actividades interactivas, analizar textos, clarificar conceptos mediante esquemas e facer tarefas de autoavaliación.

Cada sesión terá lugar na aula de referencia, a cal conta cun ordenador conectado a internet e pizarra con proxector e sonido.

Os materiais escollidos están ao servizo da aprendizaxe autónoma e significativa que vimos desenvolvendo. Por iso, os textos, capítulos de libros ou libros de lectura ou consulta, xunto con materiais elaborados polo docente, serán pezas claves para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo. Entre os recursos impresos destacan textos con preguntas guía, esquemas e mapas conceptuais, fichas de comprensión lectora, fichas de actividades de

propedéutica, de reforzo, de consolidación e ampliación, específicas para cada estudante.

O caderno de traballo será o que serva de rexistro de todo o traballo realizado, e terán que responsabilizarse do mesmo ao longo de todo o curso académico.

A Aula Virtual da materia será vehículo fundamental de interacción alumnado-docente.

O libro de texto proposto polo departamento é o da editorial Vicens Vives: Educación en Valores Cívicos e Éticos, de X. Martí Orriols e C Prestel Alfonso. ISBN: 978-84-682-8764-5 A selección de materiais e recursos didácticos é un elemento fundamental na práctica educativa, e estará guiada por criterios que atendan ás unidades didácticas, a contorna e características do alumnado. Os materiais serán diversos, estimulantes e capaces de proporcionar múltiples oportunidades de aprendizaxe. O uso de dito material na aula permitirá secuenciar obxectivos, contidos e actividades, así como ofrecer pautas de avaliación. Non será discriminatorio, respectará a igualdade de xénero, posibilitará o seu uso comunitario e fomentará a curiosidade e a reflexión. Por outra banda, debe organizarse a utilización dos recursos didácticos comúns do centro educativo: medios audiovisuais, informáticos, materiais reciclables... O docente fará uso do libro de texto e mostrará doutros manuais que empregará como material de consulta ou para a realización de actividades por parte do alumnado. O alumnado contará cun caderno tamaño A4 cuxas follas sexan extraíbles, ou ben folios arquivados e debidamente organizados e numerados. Nel recollerá apuntes e realizará as actividades propostas. Serán recursos a empregar a aula: - A pizarra. - O ordenador con distintas aplicacións e programas de software ( Plan Dixital) - Recursos audiovisuais ( vídeos, proxector...) - Recursos multimedia: páxinas webs con diversos contidos ( vídeos, películas, textos...) - A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións en relación ás concrecións metodolóxicas. Será a ferramenta principal para a entrega de traballos e actividades solicitados ao alumnado. - O alumnado deberá ter e farase responsable do seu material e a limpeza deste: caderno, apuntes, bolígrafos, estoxo, etc. En calquera caso, o material empregado reflectirá e fomentará o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos , igualdade de oportunidades e non discriminación. E favorecerán a motivación do alumnado cara á construción dunha aprendizaxe significativa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As avaliacións iniciais están fixadas para finais de setembro, data moi precipitada, xa que a materia conta cunha hora semanal de clase, o que dificulta un coñecemento previo do alumnado, así como o nivel de relación entre os estudantes, actitudes, valores, nivel de cooperación, participación... Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida deste curso, sendo de gran interese a información aportada polo equipo docente do curso anterior. Esta avaliación inicial realizarase na segunda sesión coa finalidade de establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase, en xeral de cada alumna/alumno en particular. Nesta contorna cómpre ter en conta: - Alumnado que xa estaba no centro, do cal xa hai un nivel de coñecemento polo equipo docente. - Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados. Para a avaliación inicial, serán de gran interese os informes individualizados do curso anterior e detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, coa finalidade de harmonizalas ,ao longo do presente curso, coas correspondentes competencias clave. A proba consistirá nunha ficha escrita para comprobar fortalezas e debilidades do alumnado en relación cos contidos e temáticas que serán abordadas ao longo do curso. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Cráterios de cualificación:

A avaliación do proceso do alumnado será continua, formativa e integradora. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación, tendo en conta os criterios de cualificación e recuperación. A avaliación quedará reflectida nas cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais, e a avaliación final. O docente dará a coñecer ao alumnado como será o modelo de cada proba a realizar e fará constar en cada proba escrita a puntuación que se pode alcanzar por cada cuestión. Os distintos modelos de exame permitirán ao docente ter constancia de que os contidos foron interiorizados e comprendidos, e non meramente memorizados. A nota mínima para acadar o aprobado na materia será un 5.

O baremo de cualificación por cada avaliación parcial contemplará probas de coñecementos, lecturas obrigatorias e traballos e tarefas propostas polo docente. A terceira avaliación parcial e a final deberá realizarse a partir do día 22 de xuño, tal e como recolle a Orde do 27 de Decembro do 2022. Realizarase nas datas que determine o centro atendendo á norma que estableza o calendario escolar para o presente curso.

Con carácter xeral, o aprobado na materia esixirá ter superadas as tres avaliacións, se ben poderá calcularse a nota media tendo algunha suspensa cunha cualificación mínima de catro.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación final farase efectiva na avaliación final do curso, que coincidirá coa terceira avaliación.

Como norma xeral, as probas escritas serán tipo teste suporán un 70% da nota final, correspondendo o outro 30% a traballos e actividades sobre temáticas do programa da materia e que deixen constancia das seguintes habilidades e actitudes:

- Interese e motivación.
- Expresión oral e escrita.
- Realización de exercicios propostos polo docente.
- Habilidade na busca, recollida e selección de información.
- Capacidade de análise crítica.
- Capacidade de planificación e asunción de responsabilidades
- Grao de cooperación, diálogo e negociación.
- Capacidade autocrítica.

O modelo de proba escrita empregado con carácter xeral será tipo test, se ben o docente atendendo ás circunstancias do alumnado, poderá facer uso doutros modelos: de preguntas concretas, temas a desenvolver, textos con cuestións...En todas as probas escritas aparecerá recollido cal é a puntuación que se pode acadar en cada cuestión. A meirande parte dos CA da PD serán avaliados a través de probas escritas, sendo o resto avaliados por diferentes tipos de indicadores mediante os que corruxir os traballos a entregar, fundamentalmente a través da Aula Virtual, así como o rexistro de observación. A nota trimestral, no que ás UD se refire é a seguinte:

- Primeira avaliación. UD1 e UD2: 100%
- Segunda avaliación. UD3 e UD4: 100%
- Terceira avaliación. UD5. 100%
- A nota da avaliación final obterase puntuando cada UD un 20%.

A ausencia a algunha proba terá que xustificarse documentalmente; se a razón da ausencia é por enfermidade, haberá que presentar xustificante médico.

### **Criterios de recuperación:**

Realizarase unha recuperación de cada proba escrita, así como de traballos programados non idénticos aos feitos e corrixidos, pero sobre a mesma temática. A distribución será a mesma que a reflectida nos criterios de cualificación. O docente decidirá se o alumnado que teña aprobada algunha avaliación parcial, pode asistir a recuperación se desexan subir nota. Nas probas de recuperación poderá acadarse a nota máxima. Nas probas de recuperación poderá obterse a máxima cualificación.

Realizarase ademais unha recuperación de cada avaliación antes da terceira avaliación parcial e a sesión de avaliación final, garantindo así, ao longo do curso, distintas actividades de recuperación para o alumnado que non supere algunha parte da materia.

A cualificación mínima final para superar a materia será de un 5.

Se un alumno-a é intervido durante un exame por levar a cabo unha acción ilícita como copiar, facer uso do móbil, etc. recibirá a nota mínima na avaliación, exame ou parcial de que se trate, e terá que asistir á recuperación do mesmo. Poderá alcanzar a nota máxima na recuperación.

As actividades de apoio e recuperación terán como base os informes individualizados de cada estudante.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Aquel alumnado que non tivera alcanzado os mínimos da consecución didáctica de cada UD ( recollidos nesta programación didáctica) poderá, ao longo do curso académico mediante a realización de tarefas referidas aos contidos da materia pendente.

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde de 8 de setembro do 2021). O Plan será elaborado polo docente da materia baixo as directrices do departamento e co coñecemento da persoa titora. As referencias do mesmo serán a adquisición de obxectivos da materia e das competencias.

Serán de gran interese os informes individualizados do curso anterior e detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, coa finalidade de harmonizalas ,ao longo do presente curso, coas correspondentes competencias clave. O docente que imparte a materia comunicará ao docente titor os mínimos de consecución que sexa preciso acadar en concordancia cos instrumentos de avaliación reflectidos na presente programación didáctica.

Realizarase ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos esixibles para cada unha das unidades didácticas a recuperar. Farase tamén un seguemento individualizado, revisando o traballo que se está a facer. A Aula Virtual será o principal vehículo para facer o seguimento dos avances a través de explicacións, actividades, exercicios, traballos, probas de coñecementos...

Será recomendable a interacción cos pais ou tutores legais do estudante, os cales recibirán por parte do docente toda a información que soliciten, principalmente a través do docente titor. Se aínda así, estes mínimos non foran alcanzados trimestralmente, poderá recuperalos cara á avaliación final, comunicando ao titor-titora as partes da materia que debe superar durante a primeira quincena de Xuño.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións cuxa finalidade é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Para logralo, a Xunta de Galicia ofrece unha mostra de recursos e enlaces de interese que contribúen a atender a diversidade, dando así resposta a unha educación equitativa e de calidade dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa. Estes recursos e enlaces serán tidos en conta pola persoa docente. Os membros do departamento de filosofía, traballarán especificamente a diversidade atendendo á lexislación en vigor: - Artigo 21 do Decreto 156/ 2022, de 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da ensinanza secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. - Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro, polo que se regula a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como a normativa que a desenvolve. - Artigo 52 da Orde de 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, e que fai referencia ao Plan específico personalizado de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso e que ten como obxectivo atender ás dificultades que levaron a tal repetición. Debemos partir



da base de que non todo o alumnado aprende da mesma maneira e ao mesmo ritmo. Procuraremos desvelar as potencialidades e minimizar as dificultades no alumnado que requira dunha especial atención, facilitando estratexias e recursos adaptados ás súas necesidades particulares, e adaptando os tempos e os instrumentos e procedementos de avaliación sempre que sexa necesario. Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan pronto se detecten dificultades específicas de aprendizaxe, farase un reforzo educativo encamiñado á adquisición dos coñecementos necesarios para seguir o proceso educativo. Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións e metodoloxías á hora de traballar, as cales serán comunicadas ao docente titor para dar traslado da información ás familias, e todo elo colaborando, se é preciso, co departamento de orientación. Calquera medida a adoptar estará orientada a permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, polo que en ningún caso poderán supor unha discriminación que impida a quen se beneficie delas conseguir a promoción ao seguinte curso ou obter a titulación correspondente. Para a atención a diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se impartan as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/ 2006, así como na normativa que o desenvolve. Se ben xa fixemos referencia á lexislación con anterioridade, cómpre recordar e ter presente que "somos diferentes, somos iguais"

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporánse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios facilitados polo docente. Proporánse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.10 - Educación emocional, para a paz, prevención e resolución pacífica dos conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a efectivo sexual	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais numerados traballaranse avanzando nas UD a través das distintas actividades que desenvolven os contidos. A lectura é a principal fonte para adquirir un coñecemento significativo. A través de textos e/ou medios audiovisuais e dixitais traballaremos en aras a obter as seguintes finalidades: extracción da información; desenvolvemento dunha comprensión global e significativa, así como dunha interpretación; análise do contido, tema, ideas básicas e secundarias e estrutura e avaliación crítica do texto, vídeos, etc. O alumnado participará en actividades que potencien desenvolver o espírito emprendedor, a igualdade, a educación emocional e para a saúde, a formación estética, a concienciación sobre o cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable, o respecto mutuo, a valoración da igualdade na diferenza e a cooperación entre iguais. Promoverase a educación para a paz e resolución pacífica e dialogada de conflitos, así como os valores e principios básicos dun Estado de Dereito: a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e o rexeitamento da violencia en tódalas súas manifestacións. Non se perderá de vista a igualdade, especialmente entre homes e mulleres, evitando comportamentos, estereotipos, prexuízos e contidos sexistas e os que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou identidade sexual. Os elementos transversais 4, 6 e 7 serán tratados, de xeito especial, a través das conmemoracións do Día Internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro); Día Internacional da muller (8 de marzo) e Día Internacional da paz e a non violencia (21 de setembro e 2 de outubro), respectivamente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración na recollida de alimentos en Nadal	O departamento de filosofía, en colaboración co de relixión participa na recollida de alimentos, asistindo co alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato a distintos supermercados, hipermercados e centros comerciais. Como os de 3º da ESO non participan nesta actividade extraescolar, si consideramos oportuno que colaboren traendo algún alimento para depositar no centro e ser entregado ao banco de alimentos con posterioridade.	X		

### Observacións:

As actividades do departamento de filosofía realizaranse en coordinación co departamento de actividades extraescolares que, no noso centro, está baixo a supervisión da vicedirección. A realización das mesmas irán abordándose conforme avanza o curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Realización de tarefas
6. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
7. Adecuación das estratexias metodolóxicas seleccionadas
8. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
10. Claridade nos criterios de avaliación e no uso de ferramentas para levala a cabo
11. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
12. Atención á diversidade: adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

#### Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

- Secuenciación e temporalización das unidades didácticas, podendo flexibilizar a proposta inicial en función das demandas do alumnado.

- Grao de cumprimento do desenvolvemento das distintas unidades didácticas.
- Valoración das metodoloxías, recursos e criterios de avaliación.
- Propostas de mellora.
- Concreción das propostas de mellora para materializar no vindeiro curso académico.

## **9. Outros apartados**